

CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na Resolución do 19 de setembro de 2022 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, realizarase proximamente no CEIP Manuel Respino a renovación parcial do Consello Escolar que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do centro.

A organización e supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da Xunta Electoral que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- O Director do Centro.
- Un mestre/mestra.
- Un pai, nai ou titor legal.
- Un representante do PAS.

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público, e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase na **sala de Mestres** deste Centro o vindeiro **venres día 28 de outubro de 2022, ás 11:30 horas**.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas convocatorias que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

A Rúa 25 de outubro de 2022

O Director
CEIP Manuel Respino - Rúa Vilela, 34
32350 A Rúa de Valdeorras (Ourense)

Asdo.: Emilio M. González López